


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:18:34

SAIDA 1927/19



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 00125/2018

Correo electrónico [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 24 de outubro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 24 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude de información, dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) sobre verquidos con restos de obras levadas a cabo supostamente pola Xunta Reitora da Comunidade de Montes Cabral Vigo (Pontevedra), e dos que lle consta, por informe do Valedor do Pobo, que existen tres denuncias de Seprona á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude da información á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Segundo. Con data do 7 de novembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 14 de novembro de 2018, sen que se recibise o informe e copia do expediente solicitado.

Quinto. Análise do expediente

O recurso substitutivo presentado ante a Comisión da Transparencia polo Sr. [REDACTED] deriva da falta de resposta por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á súa solicitude de que se lle facilite información sobre os verquidos con restos de obras levadas a cabo supostamente pola Xunta Reitora da Comunidade de Montes Cabral Vigo (Pontevedra), e dos que lle consta, por informe do Valedor do Pobo, que existen tres denuncias de Seprona á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Trátase por tanto de información que está en poder da Administración e que foi adquirida no exercicio das súas funcións, sen que por esta Comisión se poida determinar si o contido da mesma ten ou non carácter ambiental, (en cuxo caso debería rexerse pola súa normativa específica), dado que a Consellería non remitiu o informe e o expediente solicitado. De acordo co anterior, debe presumirse que a información non ten tal carácter e debe rexerse polo procedemento de reclamación xeral e non polo específico ambiental, polo que procede estimar a reclamación presentada, ante a falla de contestación a unha solicitude de acceso á información pública, por ter o solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolveu a solicitude de acceso á información do [REDACTED] polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbraleselle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación por silencio administrativo, de información sobre verquidos con restos de obras levadas a cabo supostamente pola Xunta Reitora da Comunidade de Montes Cabral Vigo (Pontevedra), e dos que lle consta, por informe do Valedor do Pobo, que existen tres denuncias de Seprona, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Segundo: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada mediante a remisión da mesma ou mediante a indicación do enlace electrónico concreto de acceso á dita información, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Comisión da
transparencia
de Galicia
Milagros Otero Parga